

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trece de decembro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, don Brais Cubeiro Fernández, do BNG.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 13 de decembro de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201812131904380000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 12/2018

Acceso á videoacta: 00:00:34

Vista a proposta de Alcaldía do día 4 de decembro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 1.979,45 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a "expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio".

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF / CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2017/C002/000006	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	B15448004	CERTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN DA OBRA ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA RÚA VICENTE RISCO NO TEMPLE	1.857,46

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 12/2018 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2018 por importe de 1.979,45 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2018/419	18/01/2018	B15448004	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	1.857,46
F/2018/4155	11/09/2018	B15128143	FRIPOR S.L.	121,99
			TOTAL	1.979,45 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 10 de decembro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"

Acceso á videoacta: 00:02:05

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 4 de decembro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS +) do ano 2019 cuxas bases foron publicadas no BOP número 188 do 2 de outubro de 2018.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS + 2019 dun total de 963.200,86 €, correspondendo 444.760,81 € a “achega provincial 2019”, 212.981,68 € a “Achega provincial 2018” e 305.458,37 € a “Préstamo provincial 2019”.

Segundo o disposto na base 2 das reguladoras do Plan, deberá destinarse a “achega provincial 2018”, en primeiro lugar ata esgotarse, ao pago de provedores que teñan facturas pendentes de pago de importe igual ou superior a 100 € (IVE engadido), que teñan data de entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o 30 de xuño, este incluído. A cantidade restante poderá destinarse á realización de investimentos financeiramente sostibles. A “achega provincial 2019” deberá destinarse ao pago de provedores en primeiro lugar, e o importe sobrante poderá destinarse ao financiamento dos gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2019, sen límite ningún, ou á realización de obras ou subministracións.

Por outra parte, o “préstamo provincial 2019” deberá destinarse a reducir o endebedamento do Concello con entidades financeiras. Destinarase como mínimo, o importe resultante de aplicar ao dito préstamo provincial 2019, a porcentaxe do seu “nivel de endebedamento” calculando para iso a porcentaxe que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito viventes a longo prazo do concello con entidades financeiras a 31 de decembro de 2017 por ser o último exercicio obxecto de liquidación, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos establecidos no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o resto á realización de investimentos.

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar a totalidade do importe correspondente á “Achega 2018” (212.981,68 €) aos investimentos financeiramente sostibles, que se indican a continuación:

MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO E REXENERACIÓN URBANA EN O TEMPLE. CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA). FASE 3	105.413,49 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO DE A BARCALA E O CAMIÑO DE O POMBO.	61.510,64 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NOS CAMIÑOS DE MERCUIÍN E BREXO	46.451,27 €

Estes investimentos supoñen un total de 213.375,40 €, polo que o Concello de Cambre deberá aportar 393,72 €.

- Destinar a totalidade da asignación da “Achega 2019”, a gasto corrente.
- Destinar a asignación do “Préstamo 2019” (305.458,37 €), por importe de 25.169,77 € á redución das débedas do concello con entidades financeiras, e o resto, 280.288,60 € aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación. Estes investimentos supoñen un total de 280.558,51 €, polo que o Concello de Cambre deberá aportar 269,91 €.

MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO E REXENERACIÓN URBANA EN O TEMPLE. CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA). FASE 2	161.790,07 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO MARÍTIMO DO TEMPLE.	68.210,97 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO CAMIÑO DE PENOUVIÑA.	50.557,47 €

Ademais, as bases reguladoras do POS + 2019, establecen a obriga para os Concellos de solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 25% da suma dos tres tipos de achegas provinciais, isto é, como mínimo 240.800,215 €, facéndose proxectos por un importe de 279.945,95 €. Proponse como actuacións, os seguintes investimentos:

ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE SAN LOURENZO AO PINAR E A TORRE, E BARREIROS.	56.159,38 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA RÚA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS E NO CAMIÑO DE AS GAMELAS.	66.529,10 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO CAMIÑO DE SAN ROQUE, FONTE CUNTÍN E COBAZÁS.	95.491,28 €
MELLORA OS PARQUES INFANTÍS DE ANDEIRO E ANCEIS.	61.766,19 €

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son mellorar a ordenación e regulación do tráfico e do estacionamento, mellorar as dotacións en parques infantís e continuar coa mellora da pavimentación dos camiños e rúas municipais. Outro criterio de selección foi o de abarcar o maior ámbito territorial, realizando actuacións en varias parroquias, Cambre, O Temple, Andeiro, San Lourenzo, Brexo, Sigrás e Santa María de Vigo.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

O proxecto denominado “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase 3”, ten por obxecto a renovación da beirarrúa na rúa Curros Enríquez, na contorna do colexio O Graxal II, dotándoas dun novo pavimento e adaptando os anchos actuais para mellorar os percorridos peonís, nos viarios rehabilitase o firme parcialmente e realízase unha reordenación dos aparcadoiros existentes. Tamén se contempla a renovación da iluminación actual, o mobiliario urbano e as plantacións.

O goberno municipal propón como outra das actuacións a incluír no POS + 2019 principal (Achega 2018), a “Mellora da pavimentación no paseo da Barcala e no camiño do Pombo”. O proxecto define e xustifica a mellora do paseo da Barcala e o camiño municipal de Pombo (número inventario 094), os cales están pavimentados en pavimento asfáltico. Debido ao tráfico abundante na zona e polo natural uso do viario, produciuse unha deterioración da calzada polo que é necesario efectuar labores para a súa conservación e mantemento; se reperfilarán as cunetas existentes co fin de mellorar a drenaxe do camiño (só no camiño de O Pombo) e se reacondicionará o firme con aglomerado asfáltico para o que se estenderá unha capa de 5 cm de mestura bituminosa en quente D-12. Finalmente, nas calzadas renovadas farase a sinalización horizontal mediante pintura reflectante e microesferas de vidro.

Outro proxecto que se propón incluír é a “Mellora da pavimentación nos camiños de Brexo e Mercurín”. Estes camiños municipais de Mercurín (número inventario 352) e Brexo (número inventario 388) están pavimentados en pavimento asfáltico. Debido ao paso do tempo e ao uso prodúcese unha deterioración do viario que fai necesarias obras de conservación e mantemento; para o que se reperfilarán as cunetas existentes co fin de mellorar a drenaxe dos camiños e se reacondicionará o firme con aglomerado asfáltico de 5 cm tipo D-12. Finalmente, nas calzadas renovadas farase a sinalización horizontal mediante pintura reflectante e microesferas de vidro.

Dentro do POS + 2019 principal (Préstamo 2019) inclúese a actuación denominada “Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase 2”, ten por obxecto a renovación de beirarrúas nas rúas Celso Emilio Ferreiro, Párroco Manuel Cobas e Francisco Rodríguez, dotándoas dun novo pavimento e adaptando os anchos actuais para mellorar os percorridos peonís, nos viarios rehabilitase o firme en toda a superficie de actuación e realízase unha reordenación dos aparcadoiros existentes. Tamén se contempla a renovación da iluminación actual, o mobiliario urbano e as plantacións.

Tamén no Préstamo 2019 proponse a inclusión da actuación denominada “Mellora da pavimentación no paseo marítimo do Temple”. O proxecto define e xustifica a mellora das rúas Paseo Marítimo (camiños con número de inventario 003, 511 e 512), os cales están realizados a base de pavimento asfáltico. Debido ao tráfico abundante dá zona e polo natural uso do



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

viario, produciuse unha deterioración na calzada que fai necesario efectuar traballos para a súa conservación e mantemento; aproveitando para realizar actuacións que melloren a seguridade peonil, como a remodelación das beirarrúas e ou redeseño dous pasos de peóns. Finalmente, nas calzadas renovadas farase a sinalización horizontal mediante pintura reflectante e microesferas de vidro.

Outra das obras incluídas no Préstamo 2019 é a “Mellora da pavimentación no camiño de Penaouviña”. O proxecto define e xustifica o acondicionamento do viario municipal números 184 e 189 (Penouviña), os cales están pavimentados en pavimento asfáltico. Debido ao tráfico na zona e polo natural uso do viario, produciuse unha deterioración da calzada polo que é necesario efectuar labores para a súa conservación e mantemento; se reperfilarán as cunetas existentes co fin de mellorar a drenaxe do camiño e se reacondicionará o firme con aglomerado asfáltico para o que se estenderá unha capa de 5 cm. de mestura bituminosa en quente D-12. Finalmente, nas calzadas renovadas farase a sinalización horizontal mediante pintura reflectante e microesferas de vidro.

No que se refire ao POS + 2019 Complementario propónse a obra denominada “Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo ao Pinar e a Torre, e Barreiros”, que ten por obxecto o acondicionamento do viario municipal 360, de San Lourenzo cara á Torre, 361, de San Lourenzo cara o Pinar e 110, Barreiros; os cales están pavimentados en terra. Debido ao crecemento da vexetación existente nas marxes dos camiños, faise necesario a súa roza para así permitir unha boa circulación por estes, incluíndo o reperfilado das cunetas existentes co fin de mellorar a drenaxe, e reacondicionar o firme con zahorra artificial.

Tamén no POS + 2019 Complementario se inclúe o proxecto denominado “Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas”. Con este proxecto, preténdese renovar os firmes, xa que debido ao paso do tempo e ao uso produciuse unha deterioración do viario que fai necesarias obras de conservación e mantemento se reacondicionará o firme con aglomerado asfáltico de 5 cm tipo D-12. Finalmente, nas calzadas renovadas farase a sinalización horizontal mediante pintura reflectante e microesferas de vidro.

Outra obra que se inclúe no POS + 2019 Complementario e a “Mellora da pavimentación no camiño de San Roque, Fonte Cuntín e Cobazás”. Este proxecto refírese a unha obra de conservación e mantemento xa que o menoscabo prodúcese no tempo polo natural uso do viario; se reperfilarán as cunetas existentes co fin de mellorar a drenaxe do camiño e finalmente se reacondicionará o firme con aglomerado asfáltico mediante o estendido dunha capa de 5 cm. tipo D-12.

Por último, propónse incluír no POS + 2019 Complementario a actuación denominada “Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis”. No parque infantil de Andeiro, plantéxase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario, a instalación de un novo tobogán e co cambio do solo de seguridade mediante pavimento de caucho de diferentes debuxos e cores en toda a súa extensión. Para poder executar o pavimento de seguridade de caucho é necesario executar previamente unha lousa de formigón armado sobre unha capa de zahorra artificial en toda a superficie de xogos. No parque infantil de Anceis, plantéxase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario e co cambio do solo de seguridade mediante pavimento de caucho de diferentes debuxos e cores en toda a súa extensión. Para poder executar o pavimento de seguridade de caucho é necesario executar previamente unha lousa de formigón armado sobre unha capa de zahorra artificial en toda a superficie de xogos. En ambos parques se instalará unha fonte con dous grifos, adaptada a persoas con diversidade funcional

Tendo en conta o disposto no apartado 5.B.3.2 das bases reguladoras do Plan, solicitáronse todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e:

Vista a circular procedente da Excm. Deputación provincial da Coruña, recibida o 2 de outubro de 2018, respecto da aprobación das bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019.

Vistos os proxectos elaborados polo enxeñeiro de camiños municipal.

Vistos os proxectos redactados por don Alejandro Peña López, enxeñeiro de camiños, canles e portos, colexiado nº 14.385, que contan coa aprobación do arquitecto municipal de data 28 de novembro de 2018.

Vistos os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal de data 28 de novembro de 2018.

Vistos os informes favorables relativos á dispoñibilidade de terreos emitidos conxuntamente por unha banda polo enxeñeiro de camiños municipal, e pola secretaria xeral do concello, e por outra polo arquitecto municipal e da secretaria xeral do concello, emitidos con data 4 de decembro de 2018.

Visto os informes emitidos polo interventor municipal de data 4 de decembro de 2018.

En base ó anterior, propono ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2019”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	444.760,81 €
Subtotal gasto corrente	444.760,81 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
----	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2019	0,00€	0,00€	0,00€

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos “financeiramente sostibles”)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO E REXENERACIÓN URBANA NO TEMPLE. CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA). FASE 3	105.019,77 €	393,72 €	105.413,49 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO DA BARCALA E O CAMIÑO DO POMBO.	61.510,64 €	0,00€	61.510,64 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NOS CAMIÑOS DE MERCURÍN E BREXO	46.451,27 €	0,00€	46.451,27 €
Subtotal investimentos achega provincial 2018	212.981,68 €	393,72 €	213.375,40 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO E REXENERACIÓN URBANA NO TEMPLE. CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA). FASE 2	161.520,16 €	269,91 €	161.790,07 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO PASEO MARÍTIMO DO TEMPLE.	68.210,97 €	0,00€	68.210,97 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO CAMIÑO DE PENOUVIÑA.	50.557,47 €	0,00€	50.557,47 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	280.288,60 €	269,91 €	280.558,51€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado a redución de débeda
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182 6244 0083 00000000000002	25.169,77
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		25.169,77

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
	Achega 2019	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	444.760,81 €		444.760,81 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	0,00 €	0,00€	0,00 €
	Achega 2018	212.981,68 €	393,72 €	213.375,40 €
	Préstamo 2019	280.288,60 €	269,91 €	280.558,51 €
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	25.169,77€		25.169,77 €
TOTAL	Achega 2019	444.760,81 €	0,00€	444.760,81 €
	Achega 2018	212.981,68 €	393,72 €	213.375,40 €
	Préstamo 2019	305.458,37 €	269,91 €	305.728,28 €
	TOTAL	963.200,86 €	663,63 €	963.864,49 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% de total de achega e préstamo provincial asignado)	
ACONDICIONAMENTO DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE SAN LOURENZO AO PINAR E A TORRE, E BARREIROS.	56.159,38 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA RÚA MIGUEL GONZALEZ GARCÉS E NO CAMIÑO DAS GAMELAS.	66.529,10 €
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NO CAMIÑO DE SAN ROQUE, FONTE CUNTÍN E COBAZÁS.	95.491,28 €
MELLORA DOS PARQUES INFANTÍS DE ANDEIRO E ANCEIS.	61.766,19 €
TOTAIS	279.945,95 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á concellería-delegada da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 10 de decembro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3. Aprobación, se procede, de varios proxectos de accesibilidade e remodelación de espazos públicos

Acceso á videoacta: 00:17:06

Vista a proposta de Alcaldía do día 4 de decembro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Este goberno ten interese en levar a cabo varios proxectos de mellora da accesibilidade e reordenación do núcleo de Cambre coa finalidade de acadar unha mellora na calidade de vida da poboación.

Para iso redactáronse os proxectos que se relacionan de seguido, sendo necesaria a súa aprobación para poder incoar o correspondente expediente de contratación tan pronto como sexa posible:

Denominación	Achega provincial	Achega municipal	Orzamento total (IVE engadido)
Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira”	28.800,00 €	21.306,60 €	50.106,60 €
Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)	28.820,49 €	9.052,00 €	37.872,50 €
Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase II)	----	120.000 €	120.000 €

O proxecto “*Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira*” cun orzamento total de 50.106,60 € e redactado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, plantexa as deficiencias de accesibilidade atopadas na contorna do concello e establece as bases e modificacións necesarias para conseguir itinerarios e espazos accesibles e que cumpran coas normativas urbanas actuais. Esta actuación pretende dar continuidade ao pavimento creando unha zona elevada con prioridade para peóns, na contorna do campo da feira.

Por outra banda, o proxecto “*Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase I)*”, con orzamento de 37.872,50 € euros, redactado por D^a Patricia Muñiz Núñez e D. Luciano G. Alfaya. arquitectos, plantexa a remodelación da Praza Europa coa finalidade esencial de mellorar a mobilidade dos peóns, garantir a accesibilidade universal e iniciar a posta en valor da contorna da Igrexa de Santa María de Cambre e do cruceiro de Cambre.

Finalmente co proxecto denominado “*Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase II)*” redactado por D^a Patricia Muñiz Núñez e D. Luciano G. Alfaya. arquitectos, cun orzamento total de 120.000 euros, plantéxase a remodelación da Praza Europa coa finalidade esencial de mellorar a mobilidade de peóns, garantir a accesibilidade universal e iniciar a posta en valor da contorna da Igrexa de Santa María de Cambre e do cruceiro de Cambre.

Por todo o exposto e en virtude do establecido no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “*Ordenación e mellora da accesibilidade na contorna do campo da feira*”, cun orzamento total de 50.106,60 € e redactado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.

Segundo: Aprobar o proxecto denominado “*Remodelación da Praza Europa fase I*”, redactado polos arquitectos Patricia Muñiz Núñez e Luciano G. Alfaya, cun orzamento total de 37.872,50 euros.

Terceiro: Aprobar o proxecto denominado “*Remodelación da Praza Europa en Cambre (Fase II)*” redactado polos arquitectos Patricia Muñiz Núñez e Luciano G. Alfaya, cun orzamento total de 120.000,00 euros.

Cuarto: Notifíquese aos interesados.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 10 de decembro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro presente do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e vinte dous minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia